

O pasado día 22 de abril a Consellería de Cultura, Educación e Universidade deu a coñecer os novos currículos de ESO e Bacharelato para Galicia. En 2º de Bacharelato, dentro da modalidade de "Humanidades e Ciencias Sociais" foi suprimida a materia optativa de libre configuración autonómica: "Xeografía e Historia de Galicia" que contaba con 2 exiguas horas semanais e que xa fora, pola súa vez, recortada coa aplicación da LOMCE de 4 a 2 horas no 2015.

Este feito causou a natural sorpresa e desgusto de moitas/os docentes de Xeografía, Historia e Historia da Arte de ensino secundario. Para evitalo, mobilizáronse axiña nas redes sociais onde conseguiron en apenas dous días máis de 2.000 sinaturas de apoio, moitas de profesores de secundaria e de universidade, coas que acompañarán a súa petición á Consellería de que reconsidere a súa lamentable decisión.

O Departamento de Historia da USC, a través do seu Consello de Depto, comparte e fai seu ese malestar e preocupación.

Consideramos a desaparición desta materia optativa, e a súa integración noutra de nova creación "Patrimonio e Sociedade de Galicia", da que até o momento nada se sabe dos seus contidos nin da súa fundamentación epistemolóxica, un feito de enorme gravidade. Tanto dende o punto de vista social, pois menospreza o ensino e o coñecemento da nosa Historia en lugar de valorala e facela chegar aos seus destinatarios naturais, as galegas e os galegos, como dende o académico e historiográfico, pois ignora e fai de menos o traballo dos investigadores/as que dende as universidades e os institutos do país veñen traballando dende hai anos a prol da reconstrución e difusión das claves do noso pasado colectivo.

A desaparición de "Xeografía e Historia de Galicia" pon en risco, ademais, a aprendizaxe da identidade histórica e territorial de Galicia por parte dos estudantes de ensino secundario, limitando así a súa capacidade de reflexión crítica acerca da realidade e do entorno no que acotío se desenvolven.

A supresión desta materia no Bacharelato resulta incomprendible dende a perspectiva dun Departamento que é responsable, só no Grao de Historia, de tres materias obrigatorias adicadas á Historia de Galicia e doutra "Historia de Galicia" no Grao en CC. da Cultura e Difusión Cultural. Unha simple ollada ao número de estudantes matriculados/as no Grao de Historia da USC nos últimos anos, arredor dos cen por curso, dá conta da demanda social e do atractivo que a Historia

do país ten para os mozos e mozas que están agora a cursar estudos medios.

A mencionada supresión é inaceptable se atendemos ao feito de que a meirande parte dos membros deste Departamento levan adiante dende hai anos unha investigación de recoñecido prestixio a nivel estatal e internacional, cuxos resultados néganse deste xeito aos seus naturais destinatarios no ensino medio e, por extensión, ao conxunto da sociedade.

Eses resultados, adaptados á didáctica das Ciencias Sociais e Humanas propia do ensino medio, deberan pasar a ser unha parte substancial dos currículos desta etapa educativa. Suprimir esa "Xeografía e Historia de Galicia" difunde á sociedade a mensaxe de que esa investigación é irrelevante, o que non podemos nin debemos aceptar.

Por todo isto, o Departamento de Historia da Universidade de Santiago de Compostela, esixe á Consellería de Educación da Xunta de Galicia unha rectificación urxente da decisión de suprimir esa materia optativa de libre configuración autonómica, e installe a que sexa transformada nunha materia de 4 horas semanais denominada "Xeografía, Historia e Arte de Galicia", o que, sen dúbida, facilitará o acceso das galegas e galegos ao coñecemento das claves do seu pasado e, xa que logo, á comprensión do noso presente.

O Consello do Departamento de Historia da USC

Santiago, 28 de abril de 2022